

democracia; é cultura. E aquí para todos un rexistro de grande interese para axudar a entender o mesmo presente escolar e educativo, ademais dunha feliz memoria, contra a desmemoria.

En 1998 Sergio Niza acompañounos en Galiza, en Celanova, na conmemoración dos 25 anos do reinicio da presenza da pedagogía Freinet.

Antón COSTA RICO
USC

CID GALANTE. R.M. (2013), *A escola normal de mestras de Ourense (1870-1970). A súa orixe e os seus emprazamentos*. Vigo, Universidade de Vigo: servicio de publicacións.

O libro da Escola Normal de Mestras de Ourense (1877-1970) é un estudo sobre a creación e traxectoria da Institución encargada da formación das mestras ourensás. Faise un seguimento dende a súa orixe ata o segundo terzo de século XX salientando os lugares nos que estivo asentada a Normal dende o Ex- Convento de Santo Domingo, pasando polo Hospital de San Roque, Instituto Provincial ata un edificio ad hoc que sería a denominada Vella Normal para, definitivamente, pasar á Cidade Escolar da que se ofrece no libro información inédita a cerca do arquitecto e deseño da mesma. A relevancia do estudo radica principalmente no coñecemento dun anaco de historia de Ourense e , concretamente, nun aprofundamento da historia educativa da cidade, así como o interese que as Administracións do momento puxeron na creación da Normal de mulleres, tendo en conta que este foi un dos ámbitos formativos e profesionais no que antes se viu “con normalidade”

o acceso da muller. Eles argumentaban que era para elevar o nivel cultural destas e para prover de mestras ás escolas da provincia.

O libro tamén achega información sobre a lexislación que regulou os estudos das Normais, programas educativos, docentes que impartiron na Normal de Ourense, escolas Anexas. Tamén hai testemuños de Mestres e mestras que achegan información moi rica a cerca das súas vivencias escolares e as lembranzas dos seus Mestres e mestras. O libro presenta numerosas citas documentais que ofrecen grande atractivo para o lector pois permiten coñecer de preto cales eran as negociacións e intereses por parte das Administracións para a creación da Escola Normal de Mestras. Por último, hai un capítulo dedicado ás primeiras mestras matriculadas no primeiro terzo de século XX en Ourense e onde se observa o incremento rápido das rexistradas nestes estudos pois nesta época, os estudos de maxisterio eran considerados idóneos para a muller. As ourensás non se quedaron atrás no interese por seguir formándose e por querer adquirir unha titulación que as habilitase para o exercicio da profesión docente.

Para a elaboración deste estudo manexáronse numerosas e variadas fontes de información que garanten a rigorosidade da investigación. Como a propia autora sinala é un primeiro paso para seguir avanzando no coñecemento da primeira institución de educación superior en Ourense e única durante moito tempo. Iste primeiro paso é moi sólido e rigoroso e abre as portas a estudos mais detallados por sectores ou por etapas históricas.

Xosé Manuel CID FERNÁNDEZ
Universidade de Vigo